

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Aprobación de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e lugar, data e hora para a valoración do concurso, proceso selectivo de 2 prazas de operarios de servizos múltiples

Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e lugar, data e hora para a valoración do concurso. Proceso selectivo de 2 prazas de Operarios de servizos múltiples. Procedementos de estabilización de emprego temporal.

ANUNCIO

APROBACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E LUGAR, DATA E HORA PARA A VALIRACIÓN DO CONCURSO. PROCESO SELECTIVO DE 2 PRAZAS DE OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES.

Pola presente faise público, de conformidade coa Base 5ª que rexe o citado proceso selectivo, que esta Alcaldía ditou a Resolución núm. 61/2024, de data 01/02/2024 que a continuación se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e lugar, data e hora para a valoración do concurso. Proceso selectivo de 2 prazas de Operarios de servizos múltiples. Procedementos de estabilización de emprego temporal.

Núm. Admvo. Expte: 2023/E001/000007

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000066

Visto o expediente que se tramita para os procesos selectivos correspondente a praza de estabilización de emprego temporal do Concello de Laxe incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, relativa a dúas prazas de OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 577/2022, de 6 de outubro de 2022, a través do sistema de selección de concurso de méritos, segundo as bases de selección que foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023.

As ditas bases de selección foron publicadas no BOP núm. 100 de 29 de maio de 2023, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios; publicándose o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 123, do 29 de xuño de 2023 e no Boletín Oficial do Estado núm. 205, do 28 de agosto de 2023.

Por Resolución de Alcaldía núm. 857/2023, de 19/10/2023 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas outorgándose un prazo de 10 días hábiles para emendas. A dita resolución foi publicada no BOP núm. 207, de 30/10/2023 e na sede electrónica do concello.

Rematado o prazo para a presentación de emendas, procede a aprobación definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e a fixar o lugar, data e hora para a valoración de méritos e a realización da proba de coñecemento da lingua galega.

Esta Alcaldía, de conformidade coa base 5ª e 7ª das bases xerais que rexen este proceso selectivo, e en uso das facultades que lle están conferidas,

RESOLVE:

PRIMEIRO. Aprobar a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo antes referenciado, do xeito seguinte:

RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	Exento/a Proba Galego
Cundins Pose, Francisco Javier	***1666**	Si
Martínez Romero, Pablo	**2062**	Non

RELACIÓN DEFINITIVA DE EXCLUIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	Exento/a Proba Galego	Causa de exclusión
Marcos Méndez, José Angel	***3774**	Non	1, 2

Causas de exclusión:

- 1.- Non achega a instancia de solicitude conforme ao modelo do Anexo I.
- 2.- Non achega o documento coa Relación de méritos.

A inclusión dos aspirantes na lista definitiva de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas bases aprobadas.

SEGUNDO. Designar á Comisión de Selección prevista na base sétima que estará composta polos membros seguintes:

Presidenta: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello

Suplente: Alejandra D. Fandiño Sánchez, secretaria-interventora do Concello de Sobrado

Vogais:

Mª Dolores Antelo Collazo, traballadora social deste concello

Suplente: Rosa Mª Buján Ordoñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis

Isabel Mª Castro Añón, Xefa do Negociado de contabilidade deste concello

Suplente: Francisco Javier Novoa Juiz, secretario do Concello de Vimianzo

Julio Torreira López, monitor-coordinador deportivo deste concello

Suplente: María Garrote López, secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños

Secretaria:

Sandra Vázquez Mira, Xefa do Negociado de secretaría deste concello

Suplente: Alejandra Castro Añón, administrativa deste concello

TERCEIRO. Convocar aos membros da comisión de selección para a constitución da mesma e aos efectos de cualificación dos méritos da fase de concurso para o día 21 de febreiro de 2024, ás 12.30 h e para a realización da proba de galego ás 13.30 h.

CUARTO. Convocar aos aspirantes que non acreditaron o coñecemento da lingua galega para a realización da proba de coñecemento da lingua galega para o día 21 de febreiro de 2024, ás 13.30 horas na casa do Concello de Laxe, sita na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, de Laxe.

QUINTO. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o primeiro tenente de Alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe, do que eu como secretaria-interventora, dou fe. O primeiro tenente de Alcalde.- Asdo. Francisco Charlín Oróns. A Secretaria-Interventora.- Asdo. Begoña Carrasco García."

Laxe, 01/02/2024

O 1º tenente de alcalde,

Francisco Charlín Oróns